

A árbore Bodaño



PACO VILABARROS

Betanzos convértese nestes días nunha imensa sala de exposicións. *Balconadas 2004*, leva as días máis de douscentos lenzos até fins de agosto, nesta bienal que xa chega á súa oitava edición. En Cangas tamén van polas oito edicións do Salon de Comic,

que terá entre os seus convidados a Kano, Albert Monteys, Víctor Rivas ou Alberto Taracido, director artístico de "O Bosque Animado". E nos días previos ao 25 de xullo a programación do Festigal consolídase ano tras ano en Compostela como espazo de cultura e lecer. ♦

CAMIRO FONTE

Como todos os días, ao pouco de levantarme, fíxen recuento dos cargueiros que esta mañá marraban no peirao de Guixar, e logo púxenme a contemplar o populoso barrio de Teis, unha das cidades da idade en que eu vivo. Mil metros haberá en liña recta. Sempre me gustaron as paisaxes que mesturan urbe e porto, zonas industriais con barriadas vivas, gradas de escaleiros con outeiros verdes. Esta, sen dúbida, resúmeas a todas. Ao barrio de Teis debía dirixirme este sábado. Dezasete de xullo. Como quen aí a unha festa.

Resulta case unha ironía óptica o feito de que Salvador García-Bodaño, o autor que máis versos lle ten dedicado á cidade de Santiago, case xustamente aquí, en Teis, unha das zonas cidadás máis peculiares de Galicia. Claro é que naqueles tempos, Teis tería pouco que ver co barrio traballador de hoxe. Alí onde Vigo comeza a gavecara á Guía, existe un deses moitos espazos misteriosos, silabreiros lugares amenos que, se a un non llos sinala ningún, pode vivir perto deles toda unha vida sen coñecelos. A un destes achegouse ese sábado unha cumprida embaixada das letras galegas para facerlle unha homenaxe a Salvador García-Bodaño. A Asociación de Escritores escolleira ó noso poeta como protagonista do "Escritor na Nosa Terra", e facíalle entrega da letra E. A partir de agora, o edificio do Centro Cívico de Teis leva o nome do poeta, e un álamo e uns versos escritos na pedra converten ese espazo nun lugar que ben merece unha camiñada dun preguiceiro flâneur coma min. Houbo discursos, claves líricas, poemas inéditos e houbo, por riba de calquera outra consideración, camaradería poética.

Gocei ese día sendo un dos que acompañaron a Salvador García-Bodaño. Malia a diferenza de idade, sigome considerando un compañeiro de viaxe del e doutros membros da súa xeración. Bodaño segue representando para min un deses poetas maiores cos que non é necesario nin conveniente exercer ningún tipo de ruptura. Pero tamén exemplifica un dos seus referentes políticos, desde os tempos do PSG. Os que axendia queiran coñecer as verdadeiras raíces da socialdemocracia galeguista que lle preguntan a el e a unha dúzina máis. Persoalmente, débolle moitas cousas a Salvador García-Bodaño. Estiven con el no tempo de Compostela. Espero seguir estando no Tempo de Teis. Ese barrio que contemplo todos os días. Desde o cuartel de inverno da miña casa. ♦

Letra E, monolito e álamo para García-Bodaño

O poeta homenaxeado pola Asociación de Escritores


A.N.T.

A tradicional homenaxe que anualmente organiza a Asociación de Escritores agasalhou nesta ocasión ao poeta Salvador García-Bodaño. O acto coincidía coa presentación da antoloxía de poemas *Cantos de ausencia* (Elxias 1959-2002).

Na mañá do sábado dezasete de xullo, cando cumpría 69 anos, no barrio vigués de Teis o autor plantou unha árbore, inaugurou un monolito que recolle os seus versos e recibiu a letra E que concede a Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Emocionado, coa lembranza da súa nai, da súa infancia e da súa traxectoria, o poeta recibiu unha homenaxe rodeado de compañeiros e amigos. No Centro Cívico de Teis, que leva o seu nome, estaban o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Euloxio Ruibal, o presidente da Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, o presidente do Consello da Cultura Galega, Afonso Zulueta, o presidente da Asociación de Editores, Miguel Anxo Fernán-Vello, os poetas Xosé María Álvarez Cácamo, Yolanda Castaño e Carlos Negro, e escritores como María Xosé Queizán, Bernardino Graña, Xesús Alonso Montero, Luís Álvarez Pousa e Tacho Calvo, entre outras personalidades da cultura do país.

Foi Xosé María Álvarez Cacán



García-Bodaño plantou unha árbore no Centro Cívico de Teis, en Vigo. PACO VILABARROS

o encargado de glosar a figura de Salvador García-Bodaño. No seu parlamento, destacou a "transparente traxectoria humana e literaria" do autor e o seu compromiso político e cultural.

Pola súa banda, García-Bodaño na súa intervención dedicoulle a homenaxe á súa nai e lembrou o papel do idioma na identidade nacional, o que obriga aos galegos a sentírense or-

editan conxuntamente A Nosa Terra e a Asociación de Escritores en Lingua Galega. *Cantos de ausencia* (Elxias 1959-2002) permite comprobar a evolución formal da súa obra, desde a poesía libre dos anos sesenta á actual poesía sintética. Como sinalou o seu autor, é unha das poucas antoloxías de elxias que se dedican a persoas e non a lugares da natureza. Entre estas persoas figuran Celso Emilio Ferreiro ou Uxío Novoneyra, pero tamén figuras ailleas á literatura galega aínda que próximas á experiencia vital do autor, como o Che Guevara ou Pablo Neruda.

Englobado dentro da Xeración de 1950 e máis concretamente da Promoción das Festas Minervais, Salvador García-Bodaño naceu o 17 de xullo de 1935 en Vigo, pero trasladouse de contado a Compostela, onde se formou.

Fundador da Agrupación Cultural O Galo, da Asociación de Escritores en Lingua Galega ou da sección galega do Pen Club, o poeta conta cunha ampla traxectoria no activismo cultural e foi premiado en distintas ocasións. Entre os galardóns recibidos destacan o 1º premio e Flor Natural en Poesía Galega nas Festas Minervais en 1959, o Premio de la Crítica en Poesía Galega en 1978, o Premio Xunta de Galicia á Creación Cultural en 1985 e Premio de la Crítica en Narrativa en Galego en 1993. ♦

Cantos de ausencia

A homenaxe a García-Bodaño vén acompañada da publicación dunha antoloxía da súa obra que